

SERMOS GALIZA

Intersección cita o audiovisual de vangarda na Coruña

Redacción | 23 de outubro de 2019



[Foto: Iria Vázquez] Fotograma de 'Ensaio', unha das pezas proxectadas no festival Intersección

O festival de Arte Audiovisual Contemporánea **Intersección** reúne obras que se atopan no punto de cruce entre arte contemporánea e cinema de vangarda, con códigos estéticos e linguaxes innovadoras. Terá lugar de **24 a 27 de outubro** na sede da **Fundación Luis Seoane**, coa colaboración da **Deputación da Coruña**.

O cineasta e antropólogo **J.P. Sniadecki**, especialmente interesado no mundo asiático e nas problemáticas identitarias relacionadas coas migracións, centrará a programación do festival **Intersección** coa presentación das obras de non-ficción *El mar la mar* (2017), *Foreign Parts* (2010) e *Yumen* (2013), premiadas en festivais como o Doclisboa ou o BAFICI. A artista portuguesa **Salomé Lamas**, unha das máximas expoñentes actuais da arte audiovisual lusa e creadora de pezas habitualmente comprometidas, estreará *Extraction: The Raft of the Medusa* (2019), a súa última obra. Tamén se proxectarán en Intersección *A Comunidade* (2012), *Le Boudin* (2014), *Self Portrait* (2016 - 2018), *Coupe de Grâce* (2017) e *Hangar, metro, terminal* (2018).

Completa os focos do festival **Dora García**, creadora multidisciplinar que exhibirá *Segunda vez*, a súa última longametraxe, ademais dunha escolma de curtametraxes conformada por *Heartbeat* (1999), *The breathing lesson* (2001) e *The Glass Wall* (2002). Haberá ademais unha retrospectiva da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, comisariada por Sol Alonso e Xoán Anleo, escolma do que conforma unha mínima parte do arquivo recollido pola institución nos 26 anos de docencia na materia de videoarte.

Panorama galego

A programación do festival dedica a sección *Galicia* aos creadores galego. “Se o ano pasado a sección galega de INTERSECCIÓN xa daba conta das derivacións da linguaxe, nesta ocasión multiplícanse os esforzos e son un total de doce artistas os que expoñen a versatilidade do medio”, afirma a investigadora Sara Donoso no texto introdutorio. Nove delas son estreos absolutas.

Carla Andrade presenta dous *super-8* que reflexionan, na súa liña de traballo, sobre a propia representación: *Transfiguración*, centrada na paisaxe coa posta de sol, e *Cando os ollos non bastan*, que dialoga con textos da poeta Nieves Neira Roca. *Figuras decorativas* propón un acercamento ao corpo de **Verónica Vicente** que o transforma nun obxecto puramente decorativo. En *Jeada*, Teresa Búa achégase á lingua galega a través do fenómeno fonético da gheada, coma se dun retrato da súa zona xeográfica se tratase.

Alberte Pagán establece en *6x9* unha reflexión sobre o carácter inmortalizador da fotografía, a través de 75 retratos anónimos dos que a penas se conserva o nome do estudo fotográfico. *Ensaio*, de **Iria Vázquez**, trae o proxecto Telos a pantalla, unha iniciativa que entrelaza distintos campos e disciplinas (fotografía, vídeo, danza, performance). *Correspondencia. O privire pentru alți ochi* ofrece, a modo de cartas, pezas que establecen unha comunicación epistolar entre Galiza e Romanía, que veñen asinadas por **Lara e Noa Castro**. *Twins*, de **Cillas Rodríguez**, emprega unha instalación con dúas proxeccións de vídeo de igual duración, pero un reproducido máis lento que o outro, para reflexionar sobre o a relatividade do espazo tempo.

Completan a escolma *Llamada a la escuela*, de Carme Nogueira; *Subtextos e un patrón de mantenimiento*, de Félix Fernández; *O bailaor de soutuits*, de Edu Fernández; *Justicia*, de Iago Eireos; e *BAJADA*, de Vázquez/Arrieta.

Intersección LAB

Ademais das proxeccións, o festival ofrece a través da súa programación paralela un **espazo para a dinámica colectiva** que permita revisar a concepción de obras en creación. Trátase do **Intersección LAB**, que escolleu tres proxectos cos que fomentará o diálogo para enriquecer aos seus autores, a través de dúas titorías e unha presentación a un panel de expertos.

Carla Andrade traballa con *Ningún río me protexe de min*, procurando “seguir o rastro dun material filmado dentro da selva da Conca do Congo”. **Nuria Mosquera** presenta *As anguías non levan roupa*, proxecto documental no que a memoria oral serve de base sobre a que articular un relato no que se entrelazan o real e o fantástico, a Historia compartida e a vivencia persoal. **David Fidalgo** exporá *Reality*, unha peza de animación *stop-motion* sobre a telerealidade. **Enrique Lista, Chus Villar, Jaime Pena e Olaia Sendón** ofrecerán diferentes perspectivas as obras en desenvolvemento.

Podes ver este artigo na próxima dirección [/articulo/cultura/interseccion-cita-audiovisual-vanguardia-coruna/20191022131755085648.html](https://www.sermosgaliza.gal/content/print/interseccion-cita-audiovisual-vanguardia-coruna/20191022131755085648.html)

© 2019 Sermos Galiza

opennemas
POWERED BY
OPENHOST